

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA,  
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 18.01.2017      Hora: 16:00

A Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de xaneiro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Proposicións non de lei en Comisión**

- 1.1 719 (10/PNC-000052)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 5 máis  
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para incrementar a captación polas empresas galegas dos fondos comunitarios para I+D+i, en especial no marco do programa Horizonte 2020.  
(Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*
- 1.2 721 (10/PNC-000053)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 5 máis  
Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de novas medidas que intensifiquen as relacións de colaboración entre os profesionais da cociña e do sector artesanal  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*
- 1.3 1233 (10/PNC-000115)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación cos fondos do Plan do carbón 2006-2012 que lles corresponden a Cerceda e ás Pontes e que están pendentés de execución  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016*
- 1.4 1505 (10/PNC-000147)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha normativa legal para prohibir a instalación e a explotación de gasolinerías que non teñan persoal empregado para atender as persoas usuarias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016*

- 1.5 1888 (10/PNC-000203)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitarlle á veciñanza do concello de Cerdido a conexión á Internet polo sistema terrestre, ou polo sistema de satélite 3G, cunha calidade aceptable  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016*
- 1.6 2081 (10/PNC-000216)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis  
Sobre a elaboración polo Goberno galego, en diálogo coas organizacións dos traballadores, dunha batería de condicións estratéxicas e laborais para a obtención de recursos públicos polas empresas do sector da automoción, así como a elaboración e publicación dun informe referido ás axudas públicas que percibiron nos últimos anos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Raquel Arias Rodríguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

## Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Francisco Casal Vidal	EM
Teresa Egerique Mosquera	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 18.01.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 18.01.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 719(10/PNC-000052)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 5 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para incrementar a captación polas empresas galegas dos fondos comunitarios para I+D+i, en especial no marco do programa Horizonte 2020. (Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016*

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Nava Castro Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de captación de fondos europeos para I+D+I.

### Exposición de motivos

Programa Marco Horizonte 2020 continúa sendo unha das maiores fontes de subvención dispoñibles para as entidades europeas para actividades de innovación, e por tanto tamén para as galegas. É especialmente importante para rexións como Galicia, demostrándose que participar en programas europeos de financiamento da I+D+i ten un impacto directo na competitividade e na facturación, na consolidación e o crecemento do emprego, así como no posicionamento internacional das organizacións que neles participan. Ademais, estes programas son unha importante panca de mobilización do capital privado a partir dos fondos públicos, permitindo un maior impacto cunha maior eficiencia e eficacia das políticas públicas.

Galicia ten mellorando nun 60% a captación de fondos no Horizonte 2020 respecto ao 7º Programa Marco. Apoiados por medidas habilitadas pola Xunta para facilitar a captación de fondos, as empresas e centros de coñecemento galegos suman xa cerca de 30 millóns de euros captados, o que supón máis do 25% do obxectivo total de captación para todo o programa, 120 millóns de euros, tal e como se recolle na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia. Destaca unha evolución moi positiva da participación das empresas galegas, que duplican a súa capacidade para conseguir fondos, á vez que multiplican por seis o seu liderado de proxectos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a impulsar as medidas necesarias para incrementar a captación de fondos comunitarios en favor da I+D+i por parte das entidades galegas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, no





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 719  
Data envío: 04/11/2016 14:42:52.851**

marco dos programas de financiamento europeos existentes para estas actividades, especialmente o programa Horizonte 2020”.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 14:11:18**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 14:11:37**

**Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 14:11:47**

**María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 14:11:55**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 14:12:08**

**Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 14:12:18**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 14:12:27**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 18.01.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2 721(10/PNC-000053)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 5 máis

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de novas medidas que intensifiquen as relacións de colaboración entre os profesionais da cociña e do sector artesanal

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 721  
Data envío: 04/11/2016 14:43:17.961

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Nava Castro Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de motivos

A artesanía galega, ademais de ser unha parte estratéxica do patrimonio cultural da comunidade, contribúe de xeito importante á creación de riqueza e emprego de calidade. Deste xeito, cómpre recordar que Galicia conta na actualidade con máis de 500 obradoiros artesanais e con máis de 5.000 artesáns.

Consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, a Xunta de Galicia segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, motivo polo cal está a desenvolver unha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector ao abeiro do Plan de Artesanía de Galicia 2014- 2016, que contou e conta coa participación directa dos seus representantes.

Neste plan se inclúen medidas de fomento da cultura de cooperación entre as propias empresas artesás, así como con empresas doutros sectores, xa que pode contribuír a superar algunhas das desvantaxes competitivas asociadas ao reducido tamaño das empresas artesáns.

Entre os sectores que ter un maior interese para algúns subsectores artesáns galegos como o da cerámica, téxtil e madeira, resultando de interese a realización de actuacións conxuntas que combinen a promoción de produtos artesáns de calidade con eventos e profesionais gastronómicos que, cada vez máis, están sendo recoñecidos dentro e fora das nosas froteiras.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que poña en marcha novas medidas que intensifiquen as relacións de colaboración entre os profesionais da cociña

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 721  
Data envío: 04/11/2016 14:43:17.961**

e do sector artesanal, tendo en conta a enorme visibilidade que están a ter os cocineiros galegos e as grandes sinerxías que poden crear para outros sectores como o artesanal, converténdose en escaparates excelentes da marca Artesanía de Galicia”.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 14:16:22**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 14:16:32**

**Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 14:16:39**

**María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 14:16:48**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 14:17:00**

**Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 14:17:20**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 14:17:28**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 18.01.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 1233(10/PNC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación cos fondos do Plan do carbón 2006-2012 que lles corresponden a Cerceda e ás Pontes e que están pendentes de execución

*Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2016 16:50  
Nº Rexistro: 1233  
Data envío: 16/11/2016 16:50:13.321

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á reclamación da débeda do Estado coas Pontes derivada da execución do Plan Carbón 2006-2012.

O 28 de marzo de 2006 o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a asociación de empresarios CARBUNIÓN, e as organizacións sindicais CCOO e UGT, asinaron o *Plan Estatal de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sostíbel das Comarcas Mineiras*, coñecido tamén como *Plan do Carbón* ou *Miner II*. Nel estaba incluída Galiza -nomeadamente ás comarcas de Cerceda e As Pontes- pola súa condición de importante produtora de carbón.

Para o seu desenvolvemento en materia de infraestruturas, o 24 de xullo de 2006 asinábase o *Protocolo de Colaboración* entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e a Comunidade Autónoma de Galiza, concretado e modificado mediante os correspondentes *Acordos Complementarios* acadados na Comisión de Cooperación, na que tamén se acordaba o reparto no cofinanciamento para cada unha delas.

Os fondos asignados polo IRMC e complementados cun 25% pola Xunta, distribuíanse e aplicábanse ás infraestruturas propostas na *Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012*, presidida pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, e da que tamén formaban parte as organizacións sindicais CCOO e UXT, e os Concellos de Cerceda e As Pontes.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/11/2016 16:50**  
**Nº Rexistro: 1233**  
Data envío: 16/11/2016 16:50:13.321

Para a execución de cada unha das infraestruturas, unha vez redactado o proxecto, era necesario elaborar, tramitar e aprobar o correspondente *Convenio de Colaboración Específica* por parte do Estado, e asinalo coa Xunta e, de ser o caso, co Concello.

Coa finalidade de evitar dilacións na xestión do Plan, a Xunta comprometeuse a realizar proxectos e adiantar o seu pagamento; así, a Consellaría de Innovación e Industria asinou distintos Acordos de Cooperación Interadministrativa por uns 2,5 millóns de euros, outros 2 millóns de euros en convenios cos Concellos para a redacción de proxectos, e 1,2 millóns de euros en execucións de infraestruturas.

En 2011 o goberno do Estado aplicou unha redución de máis do 50% en todas as partidas do Plan do Carbón II, decisión que tivo continuidade en 2012, non permitindo realizar máis asignacións e destinando os fondos ao pagamento das obrigas xa contraídas. Os orzamentos xerais do Estado para 2013 fixaron transferencias de capital ao IRMC para infraestruturas en comarcas mineiras do carbón por un total de 42,27 millóns de euros.

Segundo o goberno do Estado na súa resposta de febreiro de 2014 a unha pregunta dunha das representantes do BNG no Congreso, a asignación a Galiza foi de 93,11 millóns de euros. Segundo a documentación entregada pola Xunta en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, a 27 de abril de 2012 o IRMC asignara a Galiza 80,52 millóns de euros, cun grao de execución do 26,16%, uns 21,07 millóns de euros comprometidos.

A pesares das diferenzas na información, en concellos como o de As Pontes, as tres administracións coinciden en que o Plan do Carbón 2006-2012 non asinou convenio algún cos fondos asignados polo Estado -e acordados coa Xunta- para a execución das infraestruturas acordadas pola Xunta, cun importe de 53,385 millóns de euros, segundo os datos da propia administración autonómica.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2016 16:50  
Nº Rexistro: 1233

Data envío: 16/11/2016 16:50:13.321

A alarmante pasividade, irresponsabilidade e deixación de funcións amosadas pola Xunta durante todo o proceso descrito, contrasta coas actuacións postas en marcha por outros gobernos autónomos na defensa dos intereses dos seus habitantes e dos seus propios.

Por ditos motivos, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

*“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:*

*Cuantificar as achegas económicas que lle corresponden a As Pontes e a Cerceda relativas a infraestruturas no Plan do Carbón 2006-2012, e demandar do goberno do Estado, por todas as vías posibles, as cantidades que, na vixencia do Plan, non fosen empregadas nas mencionadas actuacións.”*

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2016

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2016 16:50  
Nº Rexistro: 1233

Data envío: 16/11/2016 16:50:13.321

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2016 16:47:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2016 16:47:12**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/11/2016 16:47:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2016 16:47:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2016 16:47:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2016 16:47:41**

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 18.01.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 1505(10/PNC-000147)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha normativa legal para prohibir a instalación e a explotación de gasolineiras que non teñan persoal empregado para atender as persoas usuarias

*Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez** e **José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

As gasoleneiras sen empregados e empregadas están prohibidas xa no 90 % de España. Sete comunidades autónomas xa prohiben estas estacións de servizo e outras sete teñen anunciado que o farán. Un veto autonómico parcial ou total ás denominadas gasoleneiras fantasma ou desatendidas (sen empregados/as).

A pesares de que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) teñan dito que en Europa as estacións de servizo sen persoal son "un formato habitual", e ten reportado beneficios en forma de caídas de prezos, en España non se ten producido esta consecuencia.

No noso país, este formato tense atopado cunha fronte común de sindicatos, empresas do sector e algunhas asociacións de persoas consumidoras, que advirten do risco sobre a seguridade, os dereitos das persoas usuarias e o emprego.

É imprescindible que o Goberno se comprometa co mantemento da rede de estacións de servizo, da que dependen de maneira directa en Galicia en torno aos 3.000 postos de traballo.

Galicia ten os prezos dos carburantes máis altos de España, algo que a Xunta de Galicia atribúe á escasa competencia, xa que tres grandes operadores copan case todo o mercado, pero o certo é que as gasoleneiras desatendidas non baixan significativamente o prezo do combustible.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/11/2016 13:16  
Nº Rexistro: 1505  
Data envío: 22/11/2016 13:16:21.590



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a legislar de cara a prohibir a instalación e explotación en Galicia de gasoleiras sen empregados e empregadas, tamén chamadas “desatendidas”.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2016

Asdo: Abel Losada Alvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/11/2016 13:15:45**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/11/2016 13:15:52**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2016 13:15:57**

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 18.01.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 1888(10/PNC-000203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitarlle á veciñanza do concello de Cerdido a conexión á Internet polo sistema terrestre, ou polo sistema de satélite 3G, cunha calidade aceptable

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC no territorio da comunidade autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia; e non só en zonas afastadas do interior, senón en moitos casos en zonas próximas aos núcleos urbanos. Os últimos datos sinalan que un 25 % do total de españois que carecen de posibilidades técnicas de conectarse á Internet residen en Galicia, cando a nosa comunidade ten apenas o 6 % da poboación do Estado.

Estas carencias, dificultan en moitos casos, non só as actividades persoais, senón tamén actividades económicas que permitirían a creación de emprego no medio rural, algo que debería de ser un obxectivo estratéxico para o noso país. Esta situación están a vivila cidadáns do concello de Cerdido.

Amtega leva anos publicitando que a través do seu *Plan de banda larga*, os habitantes deste concello teñen acceso a este servizo. Falamos de instalacións subvencionadas pola Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo dentro das actuacións derivadas deste plan, que debería de prestar un servizo de conexión á Internet, moi necesario para que as familias poidan desenvolver e xestionar as súas actividades económicas e sociais con normalidade.



## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A discrecionalidade da empresa que ten recibido fondos públicos resultan incomprensible. Mentres que hai veciños e veciñas que solicitaron a conexión de liña telefónica máis o servizo da Internet á empresa Telefónica-Movistar, instaladora e operadora da infraestrutura, e poden facer uso do servizo con normalidade; hai outros veciños e veciñas que fixeron a solicitude á mesma empresa pero esta non acaba de dispoñer e facer o necesario para darlle o servizo a través dunha liña telefónica, a pesar de que a empresa di ter instalado unha centraliña con recursos económicos subvencionados, e polo tanto públicos.

Non obstante, hai que sinalar que no lugar de Porto Avispeira a 900 metros da centraliña telefónica en Felgasas hai unha casa con tecnoloxía TRAC. No resto das parroquias seguen existindo esas conexións obsoletas tanto na dos Casás, onde apenas teñen 1 mega real nos lugares de Vila da Igrexa, Cobelo, etc, como na parroquia de Cerdido nos lugares de Penso, Chao, Gondredo, O Piñeiro, Casaldegonce, Vilela, Picadeiro, Pontellas, etc.

A pesar de que na parroquia da Barqueira se despregou a tecnoloxía 4G para móbiles, segue habendo moitas zonas de sombra no resto de parroquias, limitando así a capacidade de acceso á rede de pequenos empresarios autónomos e cidadanía.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que demande da empresa Telefónica-Movistar que dispoña os sistemas técnicos necesarios para que todos os veciños e veciñas residentes no concello de Cerdido teñan a posibilidade de conectarse á Internet polo sistema terrestre, ou ben por un sistema de satélite 3G cunha calidade aceptable.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2016



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/12/2016 13:24  
**Nº Rexistro: 1888**  
Data envío: 01/12/2016 13:24:27.875



---

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/12/2016 12:57:04**

---

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/12/2016 12:57:15**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/12/2016 12:57:25**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/12/2016 12:57:51**



**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 18.01.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.6 2081(10/PNC-000216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, en diálogo coas organizacións dos traballadores, dunha batería de condicións estratéxicas e laborais para a obtención de recursos públicos polas empresas do sector da automoción, así como a elaboración e publicación dun informe referido ás axudas públicas que percibiron nos últimos anos

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/12/2016 11:44  
Nº Rexistro: 2081  
Data envío: 05/12/2016 11:44:11.142

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás perspectivas estratéxicas do sector da automoción para frear as deslocalizacións e para promover a consolidación de emprego e a garantía de condicións laborais dignas.

A industria do automóbil sostén arredor de 19.000 empregos directos en Galiza e factura máis de 8.200 millóns de euros, produce o 15% dos automóviles do Estado español e supón o 31% das exportacións do noso país. Porén, tal e como denuncia as organizacións sindicais, o sector caracterízase por salarios baixos, ritmos de traballo abusivo e condicións cada vez máis precarias.

A conxunción de todas estas circunstancias está desmantelando o mapa da automoción no noso país, desmantelando unha actividade económica fundamental para a economía galega, especialmente para as poboacións do sur. Por exemplo, unha das empresas máis potentes, a multinacional francesa PSA Peugeot Citroën, afincada en Vigo, ten relación económica e laboral con numerosas empresas auxiliares da contorna da cidade, de comarcas limítrofes e tamén da comarca de Ourense.

Na época de maior irrupción da crise económica as empresas do sector tentaron aumentar a produtividade das plantas mediante a redución dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras chegando ao punto de ter a día de hoxe salarios de hai vinte e cinco anos ou mantendo unha fragmentación de categorías laborais cada vez maior. A



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/12/2016 11:44**  
**Nº Rexistro: 2081**

Data envío: 05/12/2016 11:44:11.142

todo isto engádesse a problemática dos convenios ao introducírense empresas de servizos creadas a propósito con convenios propios ou estatais inferiores. Súmase, tamén, a tendencia á creación das denominadas categorías de entrada con salarios hiperreducidos, o aumento das contratacións parciais e por vía das empresas de traballo temporal así como a tendencia á desregulación dos horarios. Incluso chega a ser habitual a contratación de traballadores e traballadoras galegas a través das subcontratas de firmas portuguesas con aínda máis precariedade.

A todo isto hai que engadir a tendencia á externalización de servizos de forma que, aínda aumentando a produción en moitas empresas, os cadros de persoal principais diminúan mentres o das empresas de servizos secundarias aumentan, sendo moitas delas portuguesas e derivando, en suma, os beneficios para ese país.

Neste contexto, entidades públicas como o Goberno central ou a propia Xunta de Galiza fornecen de subvencións con diñeiro público a estas multinacionais sen poñer condicións contundentes e eficaces para parar que se destrúan máis postos de traballo e se evite a deslocalización da actividade produtiva.

Por todo isto, o G.P. do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda instar ao Goberno galego a

- Elaborar, en diálogo coas organizacións de traballadores e traballadoras, unha batería de condicións estratéxicas e laborais para obteren recursos públicos as empresas do sector da automoción.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/12/2016 11:44**  
**Nº Rexistro: 2081**  
Data envío: 05/12/2016 11:44:11.142

- Elaborar e publicar un informe desagregado sobre as axudas outorgadas nos últimos anos ás empresas da automoción incluíndo unha comparativa na que se recolla a evolución do cadro de persoal e horas de contratación de cada unha desas empresas.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2016 11:33:22**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2016 11:33:28**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/12/2016 11:33:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2016 11:33:37**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/12/2016 11:44**  
**Nº Rexistro: 2081**  
Data envío: 05/12/2016 11:44:11.142

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2016 11:33:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2016 11:33:49**